

NOTA BREVE
COMENTARIOS E CORRECCIÓN DE TRES EXSICCATA DO XÉNERO CORTINARIUS DA MICOTECA LOU-FUNGI (PONTEVEDRA), REVISADAS POR JOSÉ ANTONIO CADIÑANOS AGUIRRE
por
M. CASTRO*

CASTRO, M. 2013. Nota Breve - Comentarios e corrección de tres *exsiccata* do xénero *Cortinarius* da micoteca LOU-Fungi (Pontevedra), revisadas por José Antonio Cadiñanos Aguirre. *Mykes* 16: 33-34.

Palabras clave: *Cortinarius*.

CASTRO, M. 2013. Brief Note - Comments and correction of three *Cortinarius* revised by José Antonio Cadiñanos Aguirre. *Exsiccata* are deposited in the herbarium LOU-Fungi (Pontevedra, Spain). *Mykes* 16: 33-34.

Key words: *Cortinarius*.

O responsable da micoteca LOU-Fungi, Dr. Francisco-Javier Silva-Pando, fíxome chegar os comentarios e correccións comunicadas ao Herbario con motivo da devolución do préstamo das *exsiccata* LOU-Fungi 7275, 8746 e 8216.

Transcribo os comentarios:

***Cortinarius mucosus* (Bull.) J.J.Kickx, Fl. Crypt. Flandres, 2: 191. 1867**
«LOU-Fungi 7275 que figura como *Cortinarius grallipes* é, con unha seguridade do 100%, *Cortinarius mucosus* (Bull.) Kickx. Tanto polo hábitat (que nos parecía inverosímil para *C. grallipes*) como polas esporas que podemos observar (fusiformes y estreitas: 13,2-17 x 6,3-7,3 mm; Q= 1,8-2,5) e que son características de *C. mucosus*. Ademais tiven a fortuna de poder recoller *C. grallipes* na Cordilleira Cantábrica e as esporas son diferentes».

* Laboratorio de Micología. Facultade de Bioloxía. Campus As Lagoas-Marcosende. Universidade de Vigo. E-36310-Vigo. e-mail: lcastro@uvigo.es

*LUGO, Navia de Suarna, Alto do Restelo, 29TPH5561, baixo *Pinus sylvestris*, 25-IX-1994, M.Martínez Campos e E.Sendra. LOU-Fungi 7275.

Exsiccata publicada en [CASTRO, M., SOLIÑO, A. et FREIRE, L. 1997. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi 6084-6113. *Anales Jard. Bot. Madrid* 55(2): 445-446].

***Cortinarius elatior* Fr., *Epicr. syst. mycol.*: 274. 1838**

«LOU-Fungi 8746, que figura como *Cortinarius collinitus* var. *coerulipes* é, con lixeiras dúbidas, xa que a pileipellis estaba algo colapsada, *Cortinarius elatior* Fr.; pero o que está claro é que non se trata de *C. collinitus* xa que éste pertence á sección *Colliniti* que sempre ten fíbulas nos septos, polo menos na pileipellis, e este non é o caso da mostra estudada».

PONTEVEDRA, Nigrán, baixo *Pinus pinaster*, 30-XI-1983, leg. M.Castro e L.Freire, LOU-Fungi 8746. 2ª cita provincial (LOSA et FREIRE, 1978: 67).

Exsiccata inédita.

***Cortinarius herculeus* Malençon, *Compt.-Rend. Séances Soc. Sci. Nat. Maroc*, 24: 159. 1958**

«LOU-Fungi 8216, que figura como *Cortinarius latus* trátase, tamén con suficiente seguridade, de *Cortinarius herculeus* Malençon, unha especie exclusiva precisamente de cedros; as esporas tamén son coincidentes con este taxón».

*A CORUÑA, Abegondo, 29TNH5786, baixo *Cedrus* sp., 22-X-1995, F.Garrido, LOU-Fungi 8216.

Exsiccata publicada en [CASTRO, M., SOLIÑO, A. et FREIRE, L. 1997. Fragmenta Chorologica Occidentalia, Fungi 6084-6113. *Anales Jard. Bot. Madrid* 55(2): 445-446].

BIBLIOGRAFÍA

LOSA QUINTANA, J.M. et FREIRE, L. 1978. Macromicetes de Galicia: otoño 1975 - Invierno 1976. *Braña* 1: 50-74.